



C O N C E L L O

D E

P O N T E D E U M E

## Convocatoria pública para autorizacións de participación no Mercadillo

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de febreiro de 2012, aprobou a Ordenanza Municipal de venda ambulante ou non sedentaria do Concello de Pontedeume, publicándose o texto íntegro da Ordenanza no BOP nº 75 do 20.04.2012.

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 29.05.2013, resolveu consonte coa proposta da Concelleira de Comercio e Turismo, e para lograr a revitalización comercial dun sector artesanal e de interese para a comarca, segundo prevé a Ordenanza Municipal de Venda Ambulante no seu artigo 21.3, aprobar a celebración dun Mercadillo os sábados na Praza do Convento coas seguintes características:

**UBICACIÓN:** Praza do Convento

**DÍAS E HORARIO DE CELEBRACIÓN:** Os sábados

**HORARIO:**

- a) Descarga e instalación: 7:00 a 9:00 h.
- b) Actividade comercial: de 9:00 a 19:00 h.
- c) Carga e recollida dos postos: de 19:00 a 20:00 h.

Nos meses de Xullo e Agosto, o horario de actividade comercial e de carga e recollida dos postos, prolongarase dúas horas máis.

**PARTICIPANTES:** Só particulares, nin comerciantes nin vendedores ambulantes.

**POSTOS:** Dimensións comúns: 3 x 2 m. En todo caso, o vendedor extremará a limpeza na zona da venda.

**PRODUTOS:**

**Autorizados:** Antigüedades, artigos de 2ª man, artesanía, artistas.

**Non Autorizados:** Produtos alimenticios e bebidas; animais; os autorizados no Feirón.

**AUTORIZACIÓNS:** Outorgaranse trimestralmente, ao abeiro do disposto no artigo 11.1.b) da Ordenanza municipal de venda ambulante; a autorización deberá solicitarse polo interesado ou representante debidamente autorizado, en impreso normalizado, no prazo de convocatoria pública aberta polo Concello, mediante anuncio na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

A autorización recollerá os datos das persoas autorizadas para a súa vixencia.

**TAXA MUNICIPAL CORRESPONDENTE:** A prevista na Ordenanza fiscal nº1 reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e atraccións sitas en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulante e rodaxe cinematográfica.

En todo o non previsto no seu réxime específico, aplicaráselle supletoriamente a Ordenanza Municipal de Venda Ambulante ou non sedentaria do Concello de Pontedeume (BOP nº 75 do 20.04.2012).

En cumprimento do acordado pola Xunta de Goberno Local o 29.05.2013, por esta alcaldía, resolveuse:

**PRIMEIRO.-** Convocar procedemento para o outorgamento de autorizacións de participación no Mercadillo dos sábados da Praza do Convento do Concello de Pontedeume, procedendo á apertura dun prazo de nove días naturais, contado dende o 17 ata o 25 de xuño, ambos dous incluídos, para que os interesados ou os seus representantes debidamente autorizados, en impreso normalizado, soliciten a autorización para a participación no Mercadillo.

**SEGUNDO.-** Publicar a convocatoria na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello

Pontedeume, 13 de xuño de 2013

O ALCALDE

Gabriel Torrente Piñeiro

